


“O bosque animado”

Libros sobre a Lectura


na nosa Biblioteca



José A. Marina e María de la Valgoma. La magia de leer. Paz&Janés, 2005.
Un manual para pais, mestres, docentes de secundaria e para lectores curiosos. Unha introdución poética, científica e práctica á lectura. Ler coma unha urxente necesidade pública e privada. A vida humana transcorre entre palabras. A nosa intelixencia é lingüística e a nosa convivencia, íntima ou política, tamén.



Luis Arizaleta. La lectura, ¿afición o hábito? Anaya, 2007.
“Para facer lectores existe un camiño que pasa por cultivar a afición”. Isto é o que afirma o autor do libro que ten por obxectivo convencer aos seus lectores de que é posible educar a afición pola lectura a pesar de que existan persoas que entenden que a afición pertence ao ámbito privado e que, polo tanto, non se pode sistematizar ou avaliar.



Víctor Moreno. Lectores competentes. Anaya, 2004.
Este libro ofrece reflexións e actividades atractivas para que o desenvolvemento da competencia lectora sexa eficaz, ordenada e rigorosa xa que se formula como obxectivo responder a “como se desenvolve a competencia lectora?” A resposta céntrase en desenvolver habilidades e destrezas que estean na base desta competencia (lembrar, valorar, interpretar e organizar o lido).


Guadalupe Jover. Un mundo por leer. Educación, adolescentes e literatura. Octaedro, 2007.
Un libro que invita a considerar o mundo dos adolescentes para guíalos nas súas lecturas escolares, unindo a lectura da palabra coa lectura do mundo e lembrando que hai libros alén dos programas escolares, alén das propias fronteiras, libros excelentes cos que crear un diálogo fecundo.



BIBLIOTECA “O bosque animado” IES AFONSO X O SABIO




<http://biblioafonso.blogspot.com>



Isabel Agüera. Animación a la lectura con adolescentes. CCS, 2004.
Co obxectivo de animar aos educadores e familias a promover a lectura entre os adolescentes como medio indispensable para o éxito escolar, ofrece un texto coincidente cos gustos do alumnado. Un libro dunha lectura festeira, reflexiva e trascen-

Diane I. Monson (Comp.) Crear lectores activos. Pro-puestas para los padres, maestros y bibliotecarios. Vi-sor, 1989.
Centrado nas experiencias no sistema educativo norteamericano, este libro ofrece ferramentas para a selección de libros, tanto para os profesores como para o alumnado (teatro lido, compar-tir libros, medios audiovisuais...).



Michèle Petit. Nuevos acercamientos a los jóvenes y a lectura. Fondo de Cultura Económica, 1999.

Outro clásico. É un achegamento intelixente e clarificador a unha comprensión profunda do senso vital da cultura: a dimensión humana dun suxeito que atopa no uso da palabra escrita, a posibilidade de construír o senso da súa vida e participar no mundo.


Lecturas en la red y redes en torno a la lectura. Fundación germán Sánchez-Ruipérez, 2009.

Análise dos cambios que a web 2.0 está operando na aprendizaxe e comprensión da lectura e a súa incidencia no mundo cultural infantil e xuvenil. Aportacións teóricas e prácticas de sumo interese para analizar as novas tendencias no consumo da lectura pola xente máis nova.



Hablemos de leer. Anaya, 2002.

Dez autores de literatura infantil e xuvenil reflexionan sobre a lectura, os libros e a literatura. Partindo da súa experiencia persoal como lectores, aportan diferentes e interesantes visións sobre a lectura, sobre as causas que nos achegan a ela, ou nos separan, así como das consecuencias que do ler se derivan.




Isabel Solé. Estrategias de lectura. Graó, 1992.

Todo un clásico. Ensinar a ler non é doado. A lectura é un proceso complexo, require unha intervención antes, durante e despois. E tamén formularse a relación existente entre ler, comprender e aprender.

Ernesto Rodríguez e Benita Prieto. Te cuento para que cuentes. Catarata, 2007.

A partir dunha recompilación de textos de contos populares fanse propostas de actividades adaptables a todas as idades para coñecer as diversas temáticas e os personaxes que habitan neles.



Equipo Peonza. El rumor de la lectura. Anaya, 2001.

A lectura, antes que unha destreza, é un pracer que non se descubre por azar. Nesta obra, os autores reflexionan sobre os camiños que se deben transitar no ámbito escolar para que o alumnado adquira e consolide o hábito da lectura, condicindos a elixir con liberdade se queren ou non ler.



Mercedes I. Rueda. La lectura. Adquisición, dificultad-des e intervención. Amarú, 1995.
Este libro ofrece un marco conceptual para achegarse a toda a problemática que rodea a adquisición da lectura, analizado como nos convertémonos en lectores competentes ou a importancia da lectura como elemento imprescindible dunha conciencia explícita dos elementos da linguaxe oral.

Ana María Machado. Lectura, escuela y creación literaria. Anaya, 2002.
Trátanse temas como a promoción da lectura, a ditadura dos best-seller, a experiencia do autor fronte aos textos doutros ou o valor do acto lector. Ofrece un conxunto de textos cun denominador común: a lectura como única forma posible de entender e mellorar o mundo.

